



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO  
CONSELLO SOCIAL DO 21.05.2019**

**LUGAR:** Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 21.05.2019

**HORA DE COMEZO:** 12:35 h.

**HORA DE REMATE:** 13:10 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

D<sup>a</sup> Mercedes Castro Mouzo

D. José M<sup>a</sup> Franco García

D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno

D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, día 21 de maio de 2019, ás 12:35 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26.03.2019).
2. Informe do presidente.
3. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada polos organizadores do "XIII Congreso nacional de materiais compostos", previsto en Vigo.
4. Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico para a organización en Vigo do Congreso internacional de Matemáticas "2019 Interdisciplinary colloquium in Topology and its applications".
5. Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI) para o exercicio 2019, orientada ás prácticas dos estudantes. Dotación económica.
6. Acordo que proceda sobre a solicitude dunha axuda para colaborar na organización da sexta edición do "Pont-Up Store 2019: espazo de emprendemento", previsto en Pontevedra.
7. Acordo que proceda sobre a petición de axuda para a participación do equipo de alumnos UVigo Motorsport na competición interuniversitaria europea "Fórmula Student".
8. Acordo que proceda sobre a proposta de patrocinio de actividades para a concienciación social sobre o valor da ciencia e a innovación, e para a difusión de experiencias científico-tecnolóxicas entre xoves estudantes, dentro das Aulas Tecnópole.
9. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para elaborar material de divulgación sobre a exposición permanente de rochas e materiais instalada na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
10. Acordo que proceda sobre a edición e distribución de carpetas-guía de acollida ao novo alumnado que se matricule na UVigo no curso 2019-2020. Asignación económica.
11. Rogos e preguntas.

---

*Agradece don Ernesto Pedrosa a asistencia da totalidade dos membros na sesión, engadindo que é "o que caracteriza a esta Comisión".*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26.03.2019).*

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Don Ernesto Pedrosa da conta do importe total das axudas concedidas durante este exercicio, que ascenden a preto de 120 mil euros.



### **PUNTO 3**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada polos organizadores do "XIII Congreso nacional de materiais compostos", previsto en Vigo.*

Subliña o presidente a intensidade do programa da XIII edición do maior evento que se desenvolve en España no eido dos materiais compostos, que se celebrará por primeira vez en Galicia, e será en Vigo os días 2 e 3 de xullo. Reúne aos principais investigadores de España neste campo, e aos representantes das empresas máis salientables no sector da fabricación e aplicación destes materiais no ámbito aeronáutico, da construción, de xeración de enerxía, automoción e bioenxeñaría. Estímase una participación de 200 poñentes.

- ***A Comisión aproba unha axuda de 4.000 €.***

### **PUNTO 4**

*Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico para a organización en Vigo do Congreso internacional de Matemáticas "2019 Interdisciplinary colloquium in Topology and its applications".*

Baixo a denominación "2019 Interdisciplinary colloquium in Topology and its applications", o encontro ten un claro enfoque experimental cara aos alumnos, que poderán achegarse ao mundo científico, adquirir coñecementos transversais con materias que non están no seu currículo e absorber coñecementos propios no campo da Topoloxía. Están confirmados máis de 40 asistentes de 12 nacionalidades, entre eles os mellores expertos mundiais na materia.

- ***Apróbase unha aportación de 2.100 €.***

### **PUNTO 5**

*Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI) para o exercicio 2019, orientada ás prácticas dos estudantes. Dotación económica.*

Proponse para o actual exercicio de 2019 un novo acordo de colaboración do Consello Social coa Fundación Universidade de Vigo, cunha dotación de 30 mil euros, para a realización de actividades de común interese, a destacar entre elas as formativas no ámbito do emprego, como obradoiros sobre técnicas de busca de emprego para o estudantado, e a elaboración de distintos traballos, estudos e informes de interese común. Explica don Ernesto Pedrosa que se trata de identificar os perfís profesionais de maior demanda e os sectores empresariais que amosan maior dinamismo, así como analizar a correlación entre a formación do alumnado e as necesidades empresariais. Don José María Franco amosa unha posición crítica e manifesta as súas dúbidas sobre a validez e rendibilidade do convenio. A Comisión ACORDA:

- ***Informar favorablemente ao Pleno, cunha dotación de 30.000 €.***

### **PUNTO 6**

*Acordo que proceda sobre a solicitude dunha axuda para colaborar na organización da sexta edición do "Pont-Up Store 2019: espazo de emprendemento", previsto en Pontevedra.*

Dende o Campus de Pontevedra, no marco do Campus CREA e organizado pola Universidade de Vigo, auspíciase entre o 19 e o 21 de setembro, este evento aberto á cidadanía, que centra os esforzos en potenciar e estimular a cultura emprendedora na sociedade. Un espazo referencia para emprendedores de Galicia. Os obxectivos son que os emprendedores poidan testar os seus produtos no mercado directo, atopen distribuidores e posibles inversores. Propón o presidente manter a axuda no mesmo nivel de 2018 dada a relevancia da convocatoria.

- ***Concédese unha axuda de 3.600 €.***



### **PUNTO 7**

*Acordo que proceda sobre a petición de axuda para a participación do equipo de alumnos UVigo Motorsport na competición interuniversitaria europea "Fórmula Student".*

Lembra don Ernesto Pedrosa que dende hai catro anos, un grupo de 27 estudantes de distintos cursos da Escola de Enxeñaría Industrial deseñan e fabrican un monopraza para correr en circuitos europeos no Fórmula Student, e compiten con universidades de todo o mundo. Engade que non se valora a velocidade senón o deseño, os custos, a facilidade na conducción, a fiabilidade ou os consumos. Téñense en conta as axudas concedidas en edición anteriores.

- ***Apróbase unha axuda de 2.100 €.***

### **PUNTO 8**

*Acordo que proceda sobre a proposta de patrocinio de actividades para a concienciación social sobre o valor da ciencia e a innovación, e para a difusión de experiencias científico-tecnolóxicas entre xoves estudantes, dentro das Aulas Tecnópole.*

Manifesta o presidente que este proxecto foi xerado durante unha visita aos responsables do Parque Tecnolóxico de Galicia, en Ourense, con quen se comparte a iniciativa. Sinala que ten como obxectivo achegar aos xoves a retos e experiencias científico-tecnolóxicas, e difundir entre a sociedade o valor da ciencia e da innovación. A acción central, vencellada a Aeroespacial, sería o lanzamento dun globo á estratosfera, con sensores, ferramentas audiovisuais e dixitais que permitirán aos estudantes realizar estudos e experiencias coma se tratácese dun satélite.

- ***Apróbase unha axuda de 7.500 € + IVE.***

### **PUNTO 9**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para elaborar material de divulgación sobre a exposición permanente de rochas e materiais instalada na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.*

Explica don Ernesto Pedrosa que a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía solicita apoio para a elaboración de soportes descritivos e informativos (cartelería, trípticos e vinilos) para divulgar unha exposición permanente de minerais e pedras preciosas pertencentes a unha colección doada polos herdeiros de Manuel de Sas de la Encina. Completarase con rochas e exemplares de fondos propios, de particulares e de recolección dos estudantes do centro e da Sociedade mineralóxica galega. A exposición será de acceso público.

- ***Concédese unha axuda de 1.427,80 €.***

### **PUNTO 10**

*Acordo que proceda sobre a edición e distribución de carpetas-guía de acollida ao novo alumnado que se matricule na UVigo no curso 2019-2020. Asignación económica.*

Como é xa habitual nos últimos cursos, propónse a elaboración de *carpetas-guía* para facilitar a acollida dos novos alumnos que se matriculan por primeira vez na Universidade de Vigo para o curso 2019/2020. A cifra total de unidades estimada –a expensas do número final de matriculados- elévase a 3.200. Para a elaboración e produción de contidos, teranse en conta as posibles indicacións ou suxestións que se aporten dende as Vicerreitorías de Comunicación e Relacións Internacionais, e de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria. As carpetas serán entregadas en actos masivos de acollida aos alumnos que organizarán en setembro as dúas Vicerreitorías en cada un dos tres Campus. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha dotación máxima de 8.300 € para a impresión das carpetas.***



**PUNTO 11**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:10 horas do 21 de maio, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias